

3º e 4º da ESO



Genma Lienas: O diario vermello de Carlota. Un diario que recolle as primeiras experiencias persoais de Carlota. Todo o relativo ao sexo, un libro para rapazas e tamén para os rapaces.

Andreu Martín, Jaume Ribera: O diario vermello de Flánagan. Animado pola súa amiga Carlota, Flánagan comeza escribir un diario no que recolle as súas primeiras experiencias sexuais, dúbidas e preguntas sobre este tema.

Fernández Paz, Agustín: O único que queda é o amor.

Hai unha trama de fíos invisibles que une as vidas dos personaxes deste libro: Diana, Sara, Pablo, Laura, Adrián... Todos namóranse e descubren que o amor é un sentimento poderosísimo. O amor en todas as súas variantes: desde o primeiro amor adolescente ata o que pervive máis aló da morte. E, sempre, os libros como compañeiros na aventura de amar de maneira total e facerlles ver a vida doutra forma.



Carreras de Sosa, Lydia: El juramento de los Centeneras.

A principios do século XX, cinco dos irmáns Centenera deciden emigrar á Arxentina, terra de oportunidades. Orfos, mozos e sen traballo, emprenden a viaxe en barco, cheos de ilusións. Pero cando están a piques de chegar, a irmá pequena desaparece. Incapaces de se afrontar a esta traxedia, e perdidas todas as esperanzas de atopala, xuran non volver a mencionar o feito e seguir adiante coas súas vidas.



IES A PONTEPEDRIÑA

R/ Amor Rubial, 28
15702 Santiago de Compostela
Telf.: 981531013
Fax.: 981593605
<http://centros.edu.xunta.es/iespontepedrina>

CONVIDAR A LER É CONVIDAR A SOÑAR

BOLETÍN DA BIBLIOTECA


ESPECIAL NADAL 2008



Agasalla libros polo Nadal



3º e 4º da ESO



Aleixandre, Marilar: [A Cabeza de Medusa](#).

Unha festa de disfraces acaba de madrugada nun camiño afastado onde Sofía e Lupe son violadas. Durante os días que seguen descubrirán que, como a Medusa, moitos non se atreven a miralas en fite. Son elas quen deben avergoñarse? É mellor non denunciar, non procurar complicacións?... Inspirada no mito de Medusa, castigada despois de ser violada a levar serpes por cabeleira, a obra aborda a amplificación social da violación.

Meyer, Stephanie: [Crepúsculo](#), [Amanecer](#), [Eclipse](#) e [Luna nueva](#)

A expectación e o éxito seguen medrando... cuarta entrega desta magnífica saga vampírica: Amencer.

Non te perdas as anteriores na biblioteca.



Muriel Barbery: [La elegancia del erizo](#)

No nº 7 da rúa Grenelle, París, nada é o que parece. Dous dos seus habitantes agochan un segredo. Renée, a porteira, leva moito tempo finxindo ser unha muller común. Pomba ten doce anos e oculta unha intelixencia extraordinaria. A chegada dun home misterioso propiciará o encontro destas almas xemelgas. Xuntas, descubrirán a beleza das pequenas cousas, e inventarán un mundo mellor. O libro é un pequeno tesouro que nos revela como acadar a felicidade grazas á amizade, o amor e a arte.



3º e 4º da ESO

Carlos Portela/ S. San Julián: [A conta atrás](#)

Novela gráfica sobre a catástrofe do Prestige. Un ano despois da marea negra, Otero, conselleiro do goberno autonómico presenta aos medios de comunicación unha campaña propagandística que anuncia a limpeza total das praias e a recuperación do sector pesqueiro.



José Carlos Carmona: [Sabor a chocolate](#)

Na súa mocidade, Adrian Troadec viu a unha moza saír dunha clase de música. Décadas máis tarde, aínda funciona a fábrica de chocolate que abriu para conquistala...

Entre dous continentes, partidas de xadrez e notas de violín, *Sabor a chocolate* é unha sinfonía incompleta de amor e de soños. Unha novela tan intensa e adictiva como o chocolate.



John Boyne: [O neno do pixama a raias](#)

Esta fábula para todos os públicos vén de converterse nun fenómeno editorial: traduciuase a máis de vinte idiomas, foi número un de vendas e estreouse hai pouco a súa adaptación ao cine. Inesquecible.



3º e 4º da ESO

Sonia Feertchak: [Manual de las chicas](#)

Máis de 330 entradas, clasificadas do A o Z, máis de 600 páxinas de consulta imprescindible e 250 ilustracións, con todos os temas que interesan ás mozas novas de hoxe.



Quino: [Todo Mafalda](#).

Mafalda, a xenial creación de Quino, esa nena rebelde que seduciú a varias xeracións de nenas, nenos e adultos, é un mito internacional. Aquí atopamos todas as tiras protagonizadas por ela.



Sierra i Fabra, J: [Chamando ás portas do ceo](#).

Silvia, estudante de Medicina, marcha á India para traballar como cooperante durante o verán nun hospital situado nun perdido lugar do mundo. Unha decisión que cambiará a súa vida e a súa forma de pensar. Na India coñecerá a dor e o sufrimento dos que non teñen nada, pero tamén a alegría e a paz da súa conciencia, e vivirá a cabalo non de dous,

